



## ANUNCIO

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2024, acordou a aprobación inicial dos expedientes relativos ás seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, mercadillos e feiras.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola venda ambulante, mercadillos e feiras deste concello.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días que contarán desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinalos e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante o devandito prazo poderán ser examinados por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello: <http://arua.sedelectronica.gal> e no portal web do concello da Rúa

Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse adoptados definitivamente os acordos e, polo tanto, aprobadas as ordenanzas indicadas.

Na Rúa na data da sinatura electrónica deste documento.

A Alcaldesa

María González Albert

